

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO VILARTOXO
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLOS DE A BAÑA E VAL DO DUBRA (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2019/44

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 09/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1670604, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 21/06/2022 e número de rexistro 2022/1321196 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 02/08/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1611798, o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 21/06/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a



maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación:

- Con respecto ao estudo acústico presentado:

- No apartado 7.4.1.- COMPARACIÓN DE LA SITUACIÓN ACÚSTICA PREOPERACIONAL Y OPERACIONAL (*Nº informe: 054/2022*) indícase un Nivel Actual previsto L_{noche} (dBA) con respecto as edificacións situadas nos puntos 1, 2, 3, 4 e 5 (Fig. 17 apartado 7.1.2.2.- Identificación de las edificaciones evaluadas).
- Ao respecto do Estudo de ruídos preoperacional, o seu obxecto é dispoñer dunha información de base "in situ" sobre a cal en aplicación do nivel de ruído xerado pola actividade do parque eólico poida ser comparada cos límites establecidos pola lexislación vixente e así poder establecer a súa influencia sobre a poboación máis próxima ao parque eólico.
- Ao respecto dos planos incluídos no Anexo II, recomendase que en posteriores presentacións de estudos acústicos, sexan posicionados nos mesmos os puntos de interese (puntos de estudo, puntos de control de estudo preoperacional, etc.) de cara a súa clara localización con respecto as bandas de nivel sonoro dB(A) presentadas nos planos.

Segundo o anteriormente indicado deberá:

- Aportar información acerca dos valores acústicos estimados acadados nos puntos de control en situación operacional do parque eólico a partir dos valores determinados como valores de base de ditos puntos de control no Estudo preoperacional "in situ" do Informe *Nº: 57/2020-V2 de xullo de 2022* (*medicións "in situ" de data 29/06/2020 en Núcleo de Xermil, medicións "in situ" de data 04/07/2022 en Menlle de Arriba e Bugalleiras e medicións "in situ" de data 05/07/2022 en Madorra*).





Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

